

O ISLAM: O ESPAZO E O TEMPO

A relixión islámica naceu no **século VII** en Arabia, península do Próximo Oriente situada entre o mar Vermello e o Golfo Pérsico. Nela destacaban dúas cidades: Yatrib, posteriormente denominada Medina, e A Meca, onde naceu Mahoma.

O fundador da nova relixión foi **Mahoma** (570-632), quen estendeu a nova fe por Arabia, e cuxa doutrina foi recompilada no **Corán**, libro sagrado dos musulmáns. Mahoma predicou na Meca, pero a oposición atopada obrigouno a fuxir a Medina (**hégira**) no 622, que é o ano de comezo do calendario musulmán. No 630 conquistou A Meca, desde aquela cidade santa musulmá, e pouco despois **unificou Arabia baixo a fe islámica**.

Á morte de Mahoma o islam estendeuse cara a oriente e occidente, dando lugar a un imperio ou **califato**. A súa historia divídese en **tres períodos**: o califato ortodoxo, o califato omeia e o califato abbasí.

– Durante o **califato ortodoxo** (632-661), os sucesores de Mahoma adoptaron o título de califa e conquistaron Siria, Palestina, Exipto e Mesopotamia.

– Durante o **califato omeia** (661-750), o imperio estendeuse ata a Península Ibérica, o imperio persa e o val do Indo.

– Durante o **califato abbasí** (750-1055), tras conquistar Creta e Sicilia, a expansión detívose, e o imperio desapareceu conquistado polos turcos en 1055.

1. Completa as seguintes frases:

- O Islam xurdiu no século _____ na península de _____.
- Arabia está situada entre o mar _____ e o Golfo _____.
- O fundador da relixión islámica foi _____ cuxa doutrina quedou recompilada no _____.
- O calendario musulmán iníciase no _____, cando Mahoma fuxiu a _____.
- Os sucesores de Mahoma fundaron un _____ denominado _____.
- As etapas do califato son o califato _____ o califato _____ e o califato _____.
- O último califato foi conquistado polos _____.

2. Emparella os acontecementos que se indican coas súas datas.

Comezo do califato abasí	Mahoma conquista a Meca	Inicio do califato ortodoxo
Comeza o califato omeia	Hégira	Fin do califato abasí
622	630	632
		661
		750
		1055

A RELIXIÓN ISLÁMICA E A SÚA EXPANSIÓN

No século VII, Mahoma unificou os árabes baixo unha **nova relixión**, o islam, que significa submisión a un único deus (Alá). A nova relixión caracterízase por preceptos relixiosos e normas de comportamentos.

Os **preceptos relixiosos** fundamentais son: a profesión de fe (Non hai máis deus que Alá e Mahoma é o seu profeta), a oración cinco veces ao día, a esmola, o xaxún diúrno no mes de Ramadán e a peregrinación á Meca. Nesta cidade atópase o

santuario da Kaaba, ao que peregrinan os fieis.

As **normas de comportamento** permiten a poligamia e obrigan a defender e estender a súa relixión mediante a guerra santa.

Ao morrer Mahoma, diferenciáronse dous **grupos islámicos**: os **xiítas**, que só aceptan o Corán como libro sagrado, e os **sunnítas**, que aceptan tamén a Sunna ou tradición, libro que recolle feitos da vida de Mahoma.

3. Indica se son verdadeiras (V) ou falsas (F) as seguintes frases:

- a) É unha relixión politeísta.
- b) Os musulmáns só creen nun deus que é Mahoma.
- c) Os musulmáns deben practicar a oración cinco veces ao día.
- d) No mes do Ramadán os musulmáns non poden comer durante a noite.
- e) Os xiítas aceptan a Sunna ou tradición, libro que recolle feitos da vida de Mahoma.
- f) O musulmán está obrigado a peregrinar á Meca polo menos unha vez na vida.
- g) Islam significa submisión a un único deus (Alá).

ORGANIZACIÓN DO IMPERIO ISLÁMICO

A organización política

A máxima autoridade do imperio era o **califa**, que concentraba o poder relixioso e político.

A **administración** organizábase en ministerios ou **diwan** (exército, facenda, corre-

os) que estaban dirixidos por visires, homes de confianza do califa.

O imperio dividíase en **provincias** dirixidas por un gobernador ou valí. A **administración de xustiza** era exercida polos cadís ou xuíces, que residían nas cidades.

4. **Une con frechas** os termos que estean relacionados de ambas columnas.

Valís	Concentra o poder político e relixioso.
Cadís	Diwan ou ministerios.
Califa	Gobernadores provinciais.
Visires	Administración de xustiza

A organización económica

A principal actividade económica era a **agricultura**. Nos vales irrigados cultivábase trigo, cebada, arroz, algodón e cana de azucre, e nas áreas desérticas destacaba a **gandería nómade**. Os musulmáns difundiron produtos agrícolas como a cana de azucre, o arroz, o algodón e os cítricos, entre outros, e melloraron os sistemas de rega con noras e canles.

As **actividades urbanas**, como a artesanía e o comercio, alcanzaron gran desenvolvemento.

A **artesanía** elaborou en talleres artesanais tecidos, alfombras, tapices, artigos de coiro, cerámica, perfumes e papel.

O **comercio** beneficiouse da posición xeográfica do imperio musulmán, situado entre Europa e Oriente. Os **produtos** comerciais eran artigos de luxo, como metais, sedas, especias e escravos. Eran transportados a través de **rutas comerciais**, navais e de camelos, que unían o Mediterráneo co océano Índico, e o Extremo Oriente con Europa.

5. Completa as seguintes frases coa información do texto:

- A _____ era a actividade principal e as actividades urbanas como a _____ e _____ o alcanzaron un gran desenvolvemento.
- Nas áreas desérticas practicaban unha gandería _____.
- Os musulmáns difundiron cultivos como a cana de _____, o arroz, o algodón e os _____, e melloraron os sistemas de rega con _____ e _____.
- Os principais produtos da artesanía musulmá eran tecidos, _____, tapices, artigos de _____, cerámica, perfumes e papel.
- Os produtos comerciais eran artigos de _____, como metais, sedas, especias e escravos que se transportaban a través de rutas comerciais, navais e de _____, que unían o mar co océano _____, e o Extremo _____ con _____.

A SOCIEDADE E A VIDA COTIÁ NO ISLAM

Os grupos sociais

Na **sociedade musulmá** convivían diferentes grupos raciais (árabes, bérberes e escravos negros) e diversas relixións (musulmá, cristiá e xudía).

Pola súa riqueza distinguíanse **dous grandes grupos**: a **aristocracia**, xeralmente de orixe árabe, que posuía grandes propiedades e ocupaba os altos cargos, e a **masa popular**, que incluía a maioría da poboación, principalmente campesiños e artesáns. Dentro dela diferenciábanse os convertidos ao islam (muladíes), e os que mantiñan a súa reli-

xión, os cales pagaban a maioría dos impostos. Os escravos situábanse na escala social máis baixa.

As **vivendas** eran sobrias e con poucas ventás, para preservar a intimidade. O mobiliario constaba de alfombras, diváns, mesas baixas, cofres e camas.

A **familia musulmá** estaba baixo a autoridade do home, que se era rico podía ter varias mulleres. En cambio, a muller atopábase baixo a tutela do home, primeiro do pai e máis tarde do marido, e estaba encargada da casa e do coidado dos fillos.

6. Indica se as seguintes frases son verdadeiras (V) ou falsas (F).

- a) A sociedade musulmá era homoxénea, todos eran árabes e musulmá, e moi igualitaria, sen grandes diferencias de riqueza.
- b) Os muladíes pagaban a maioría dos impostos.
- c) O Islam permitía a poligamía polo que os homes musulmáns podían ter varias mulleres.
- d) Os escravos eran o grupo social situado na escala máis baixa.
- e) A muller musulmá gozaba de gran independencia eliberdade e non realizaba tarefas domésticas.